

ACTA ANTERIOR:

1º) **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE SETEMBRO E 28 DE OUTUBRO DE 2016.** Polo **Sr. Presidente** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, indicou que existía un erro na intervención súa recollida no folio 5, correspondente á acta da sesión do 28 de outubro de 2016, xa que onde se indica literalmente que “o que supoñía un incremento do 70,44%”, a interveniente aludiu a que dixo que “deixou aprobado o tipo do 0,44%”.

O **Sr. Secretario** sinalou que se procedía a corrixir o dato apuntado pola **Sra. Rodríguez Búa**.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestou que na sesión do 26 de setembro fixo unha pregunta sobre o edificio Herpi, que quedou sen contestar, agardando que se lle responda neste pleno. O **Sr. Alcalde** especificou que o indicado polo anterior interveniente non tiña nada que ver coa aprobación das actas.

Ao non se formular ningunha observación mais, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas**, coa rectificación sinalada anteriormente, na da sesión do 28 de outubro de 2016 .-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

2º) **PROPOSTA DA ALCALDIA DE APROBACIÓN INICIAL DA “ORDENANZA DE PROTECCIÓN CONTRA A CONTAMINACIÓN ACÚSTICA”.** O **Sr. Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Urbanismo do 23 de novembro de 2016** sobre esta proposta.

A **Sra. Deza Martínez, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que aínda que na Comisión se abstiveron, agora votarían a favor, posto que a adaptación da ordenanza á normativa vixente era de obrigado cumprimento.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, anunciou o seu voto favorable, xa que estaba ben que se actualizase a ordenanza e se regulase o ruído.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“PRIMEIRO: aprobar inicialmente a “Ordenanza municipal de Protección contra a Contaminación Acústica do Concello de Sanxenxo”.

SEGUNDO: de acordo co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, logo da aprobación inicial concedese un **prazo de trinta días** para a presentacións de **reclamacións ou suxestións**.

TERCEIRO: para o caso que no prazo establecido ó efecto non se presentaran **reclamacións ou suxestións, considerárase aprobada definitivamente**, de acordo co último parágrafo do artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. A **aprobación definitiva produciría a derogación da “Ordenanza Municipal de Protección do**

Medio Ambiente contra a contaminación acústica”, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 14 de marzo de 2006, vixente na actualidade.

CUARTO: as Ordenanzas publicaranse no Boletín Oficial da provincia e non entrarán en vigor ata que se fora publicado completamente seu texto e houbera transcorrido o prazo do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

QUINTO: unha vez aprobada definitivamente a citada ordenanza, de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre Contaminación Acústica de Galicia, deberá ser comunicada á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.”-----

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

3º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE SANXENXO E DE MEAÑO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INTERCONEXIÓN DA REDE DA REDE DE AGUAS RESIDUAIS DO SU Nº 15, PARQUE EMPRESARIAL DE NANTES (SANXENXO), CO COLECTOR DE CONDUCCIÓN DE AUGAS RESIDUAIS AO BOMBEO E EDAR DE OS PASALES (MEAÑO). O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o convenio asinado co Concello de Meaño, de data do 22 de novembro de 2016, para a execución das obras de interconexión da rede de augas residuais do SU nº 15, parque empresarial de Nantes, co colector de condución de augas residuais ao bombeo e EDAR de Os Pasales (Meaño).

A Corporación deuse por enterada.-----

4º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 17/10/16 (R. DE ENTRADA Nº 10.848) MEDIANTE O QUE SE ACHEGA COPIA DO XUSTIFICANTE DO ENVÍO TELEMÁTICO DA LIQUIDACIÓN DO ANO 2015, CON TODOS OS DOCUMENTOS ANEXOS, RELATIVO ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.”, “INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.” E “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 17 de outubro de 2016, rexistrado de entrada co número 10.848, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remítolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2015, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L., Insula Sanxenxo, S.L. e Turismo de Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación. Sanxenxo, 17de outubro de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 38 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 38, tendo os números 1, 7, 8, 9, 10, 11, 12,14, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 25, 32, 33, 34, 35, 36 e 37 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA

INTERVENCIÓN DE 31/10/16 (R. ENTRADA Nº 11.425 DO 02/11/16) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE O 28/10/16 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA O INFORME CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016 DE SEGUIMIENTO DO PLAN DE AXUSTE. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 31 de outubro de 2016, rexistrado de entrada co número 11.425, que a continuación se transcribe literalmente:

“Téndose emitido informe previo, preceptivo e de obriga legal por esta intervención sobre seguimento do plan de axuste efectuado por este Concello, para acollerse ao mecanismo de pago a provedores por importe de 5.059.306,98 euros, e tendo en conta o disposto no artigo 10 do R.D.L. 7/2012 de 9 de marzo, resulta que:

1.A orden HAP/2105/2010 de 2 de outubro, no seu artigo 2, outorga ao órgano interventor a facultade exclusiva de emitir informes e remitilos aos organismos correspondentes do Estado, dos referidos na normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

2.Esta mesma orde, no seu artigo 10, establece a obrigar de remitir, antes do día 15 de cada trimestre, información sobre o seguimento e nivel de cumprimento do plan de axuste

3.O xa mencionado artigo 10 do R.D.L. 7/2012 establece que, dos informes do interventor, darase conta ao Pleno da Corporación.

En consecuencia:

Téndose efectuado a obriga mencionada e tendo sido remitido o informe correspondente ao terceiro trimestre de 2016, polo sistema informático ou telemático establecido no Ministerio o día 28.10.16, elévese o mesmo ao Pleno da Corporación aos efectos legais previstos na normativa anteriormente citada. Sanxenxo, 31 de outubro de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 98 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 98, tendo os números 1, 2, 3, 4, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46, 47, 48, 49, 50, 51, 52, 53, 54, 55, 56, 57, 58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67, 68, 69, 70, 71, 72, 73, 74, 75, 76, 77, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 85, 86, 87, 88, 89, 90, 91, 92, 93, 94, 95, 96, 97 e 98 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

6º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/10/16 (R. ENTRADA Nº 11.426 DO 02/11/16) ACHEGANDO INFORME SOBRE EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. **Interventor**, de 31 de outubro de 2016, rexistrado de entrada co número 11.426, que a continuación se transcribe literalmente:

“ Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2016, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro. Sanxenxo, 31 de outubro de 2016”.

Adxunto a este escrito figuran 66 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 66, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 17, 20, 21, 23, 25, 26, 28, 30, 43, 45, 46, 48, 50, 51, 53 e 55 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/10/16 (R. DE ENTRADA Nº 11.427 DO 02/11/16) MEDIANTE O QUE SE COMUNICA QUE O 28/10/16 SE REMITIU AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS A INFORMACIÓN A COMUNICAR PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS CONTEMPLADAS NO ARTIGO 116 TER, DA LEI 7/1985, DE 2 DE ABRIL, INTRODUCIDO POLA LEI 27/2013, DE 27 DE DECEMBRO, DE RACIONALIZACIÓN E SOSTIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL, EN RELACIÓN CO CUSTE EFECTIVO DOS SERVIZOS REFERIDOS AO EXERCIZO DE 2015. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 31 de outubro de 2016, rexistrado de entrada co número 11.427, que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 28.10.16 remitiuse ao Ministerio de facenda e administracións públicas, vía telemática, a información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas no artigo 116 ter, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, en relación co custe efectivo dos servizos referidos ao exercicio de 2015. Sanxenxo, 31 de outubro de 2016.”

Adxunto a este escrito figuran 46 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 46, tendo os números 2, 3, 4, 5, 7, 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 31, 32, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41, 43, 44, 45 e 46 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/10/16 (R. ENTRADA Nº 11.428 DO 02/11/16) MEDIANTE O QUE SE INDICA QUE O 28/10/16 COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES DO 3º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 02 de novembro de 2016, rexistrado de entrada co número 11.428, que a continuación se transcribe literalmente:

“”De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 28.10.16, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, referido ao terceiro trimestre, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciarase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais eventuais.Sanxenxo, 31 de outubro de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 2 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 2, tendo os números 1 e 2 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 31/10/16 (R. DE ENTRADA Nº 11.429 DO 02/11/16 ACHEGANDO INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2016. O Sr. Secretario indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do Sr. Interventor, de 31 de outubro de 2016, rexistrado de entrada co número 11.429, que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2016, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrase a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2016 e o 3º trimestre de 2016 é a seguinte

2º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	23,95	40,91	14,70	1,00	135,09
PMPP	24,87	29,73	5,19	1,00	0,00

3º trim 16	Concello	Terra	Nauta	Ínsula	Turismo
PMP	24,91	43,16	9,36	6,33	8,29
PMPP	20,65	120,46	5,60	0,00	29,86

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1 , la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumplimiento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e

advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia. Sanxenxo, 31 de de outubro de 2016”

Adxunto a este escrito figuran 10 folios, co selo do concello e numerados do 1 ao 10, tendo os números 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10 volta.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 01 DE AGOSTO AO 21 DE OUTUBRO DE 2016 (DE RES. Nº 1069/16 A RES Nº 1619/16). O Sr. Presidente expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 01 de agosto ao 21 de outubro de 2016**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓNS:

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á IMPLICACIÓN DO CONCELLO DE SANXENXO CO PROXECTO DE MARIÑA TRADICIONAL OU MUSEO FLOTANTE DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS QUE SE QUERE DESENVOLVER EN PORTONOVO (R. DE ENTRADA Nº 12.335, DO 28/11/16). O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“David Otero Domínguez, voceiro do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo,

Tras a solicitude da Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo para discutir e aprobar, se procede, a seguinte **MOCIÓN**, relativa á implicación do Concello de Sanxenxo co **Proxecto de Mariña Tradicional –ou Museo Flotante de Embarcacións Tradicionais–** que queren desenrolar en Portonovo, de acordo coa seguinte fundamentación.

EXPOSICIÓN:

Hai xa seis anos que a Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo comezou a planificar a creación dun museo flotante de embarcacións tradicionais no peirao do Chasco, en Portonovo. A súa idea é habilitar un espazo de 12 metros no pantalán que comparten dende hai trece anos cos mariñeiros xubilados, no que xuntar e amosar á cidadanía de maneira digna algúns dos barcos que conforman o rico patrimonio marítimo galego e que se conservan neste porto, para que poidan ser visitados e coñecer as súas características a través de diferentes paneis informativos.

Este proxecto viría a culminar as case dúas décadas de traballo da asociación a prol da recuperación, conservación e posta en valor das embarcacións tradicionais galegas. E dispor dun espazo así axudaría non so a facilitar a súa visibilización senón tamén a potenciar o seu disfrute por parte de toda a sociedade, non podendo esquecer que son de propiedade pública e por tanto patrimonio de tódolos veciños de Portonovo.

Por outra banda, dende Amigos da Dorna consideran *–e así o teñen constatado–* que Portonovo quere vivir do mar e dos recursos que este ofrece, tanto pesqueiros como turísticos. E nese sentido compre sinalar que a cultura e as tradicións constitúen un atractivo de calidade, cunhas enormes e variadas potencialidades, en igual medida a nivel social e económico

En definitiva, trátase dun proxecto interesante e beneficioso para Portonovo, xa que, ademais de habilitar un espazo apropiado para os barcos históricos que esta asociación se dedica a recuperar e conservar, funcionaría ao mesmo tempo como un atractivo cultural, ofrecendo a veciños e visitantes a posibilidade de coñecer as súas características e o seu valor patrimonial.

Dende o ano 2011 e especialmente a partir do 2013 mantiveron reunións con tódalas entidades locais implicadas para consensuar o proxecto. Así, tanto a Confraría, como o Clube Náutico de Portonovo, e varios colectivos sociais da vila, se manifestaron a favor da iniciativa. E así se lle trasladou en varias ocasións a Portos de Galicia.

A resposta do ente autonómico ás numerosas solicitudes por escrito da Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo foi reiteradamente o silencio. E nas múltiples reunións mantidas co presidente de Portos sucedéronse as promesas que ao longo dos meses acabaron por ser incumpridas unha tras outra de maneira inxustificada.

Chegados a este punto, constatada a incapacidade da asociación para resolver pola vía administrativa a tramitación da autorización por parte de Portos de Galicia, solicitan a aprobación desta Moción, que ten como finalidade a intervención política do Goberno Municipal de Sanxenxo e das diferentes formacións que conforman a Corporación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego** solicita que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo.

ACORDO DA MOCIÓN:

1. Declarar como obxectivo de interese municipal o Proxecto de Mariña Tradicional de Portonovo.
2. Que as Concellerías que xestionan as áreas de Cultura, Patrimonio e Deporte asuman como un compromiso particular o apoio ao proxecto.
3. Recoñecer e potenciar a compatibilidade de usos do pantalán entre os mariñeiros xubilados e a Asociación de Amigos da Dorna de Portonovo.
4. Garantir a implicación institucional do Concello de Sanxenxo no relativo ás xestións coas administracións involucradas, especialmente Portos de Galicia e a Consellería de Mar.
5. Solicitar unha reunión co Presidente de Portos de Galicia e a Xefa da Área de Explotación e Planificación para abordar a cuestión.
6. Comprometer a implicación das distintas agrupacións da Corporación para resolver con éxito a tramitación do proxecto. Sanxenxo 28 de Novembro de 2.016.””

O **Sr. Otero Domínguez** xustificou a urxencia da moción porque se trataba dunha cuestión antiga, respecto da que agora existe consenso.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Otero Domínguez** destacou que Portonovo representa a identificación co sector do mar e a través desta moción plásmanse medidas para o desenvolvemento desta cultura, engadindo que no seu tempo existiu algunha discrepancia, pero no punto 3º búscase un consenso, coa vocación de traballar xuntos, a asociación e os mariñeiros xubilados.

O **Sr. Deza Otero, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que votarían a favor, dado que Portonovo é unha vila mariñeira polo que esta actuación enriquecíaa, avogando polo existencia dun consenso entre os mariñeiros xubilados e a asociación.

O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, dixo que estaba a favor da promoción do patrimonio cultural, engadindo que se se mantén o consenso será perfecto e aludindo a que o labor do concello era fundamentalmente mediar coas institucións, que era o que agora tería que facer.

Ao non producirse mais intervencións, o Sr. Presidente someteu a moción a votación na que, por unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos. -----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PARA INSTAR AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA Á RETIRADA DO PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS, VIVENDAS TURÍSTICAS E VIVENDAS DE USO TURÍSTICO (R. DE ENTRADA Nº 12.218, DO 25/11/16). A Sra. González-Haba Pérez, voceira do Grupo Municipal Mixto, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

““El Grupo Municipal Socialista (PSdeG-PSOE) en el Ayuntamiento de Sanxenxo a través de su portavoz MARIA DÉL CORAL GONZÁLEZ-HABA PÉREZ y al amparo del dispuesto en los artículos 91.4 y 97 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (Real Decreto 2568/1986) presenta ante el Pleno de la Corporación Municipal una moción en nombre de la asociación AVITURGA (Asociación de Viviendas Turísticas de Galicia):

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

AVITURGA, es una asociación de reciente creación, legalmente constituida e inscrita en Registro Central de Asociaciones con el número 2016/020649-1ª.

Es la primera y única asociación de Propietarios de Viviendas Turísticas de Galicia.

En la actualidad tenemos asociados de diferentes ayuntamientos de Galicia, teniendo el mayor número de asociados en los vecinos/as del Ayuntamiento de Sanxenxo.

La Xunta de Galicia tiene elaborado un proyecto de Decreto /2016 por el que se establece la ordenación de apartamentos turísticos, viviendas turísticas y viviendas de uso turístico en la Comunidad Autónoma de Galicia.

En la elaboración del mencionado documento únicamente se consultó al sector hotelero, como así consta en los diferentes medios de comunicación y ellos reconocen.

Desde AVITURGA, entendemos que es necesaria una ordenación y regulación del alojamiento vacacional. Pero esta regulación que compete a la Xunta de Galicia, debe hacerse desde la transparencia, con una ordenación clara, sin beneficios hacia ningún colectivo, al contrario dando cabida a todos y con la finalidad de potenciar el turismo en Galicia, y como no potenciando de forma destacada las viviendas turísticas como elemento dinamizador del sector turístico en Galicia.

Por lo tanto entendemos imprescindible la participación de los propietarios de estas viviendas, que son muchos, fundamentalmente en el litoral gallego, para que en el mismo se contemplen también las necesidades y los objetivos de los propietarios así como canalizar toda la energía del sector en aras de un mejor servicio a los potenciales turistas.

La redacción del proyecto de decreto como se conoce hasta la fecha, no tiene como finalidad la ordenación de apartamentos turísticos, viviendas turísticas y viviendas de uso turístico, al contrario parece que el decreto persigue la eliminación de las mismas. Este decreto tiene medidas abusivas de difícil cumplimiento que pretenden, sin una justificación racional, la eliminación de viviendas del mercado de alojamiento vacacional.

Concretamente en Sanxenxo, hay muchísimas familias que tienen viviendas destinadas al alojamiento vacacional. Los requisitos que se exigen en este decreto para que esas viviendas puedan seguir alquilándose en la temporada estival son de difícil cumplimiento lo cual implicaría que casi la totalidad de las viviendas no podrían alquilarse ocasionando un impacto económico muy negativo en la economía de este ayuntamiento, tanto para las familias como para todo el entorno económico, negocios, restaurantes, etc. e con un riesgo a mayores de la marcha de los turistas para otros lugares.

El alojamiento vacacional es una tendencia global que contribuye al crecimiento de las economías de una buena parte de los ayuntamientos de Galicia. La demanda del alojamiento vacacional crece año tras año lo que demuestra una gran satisfacción por parte del cliente que se hospeda en este tipo de alojamientos.

Desde AVITURGA queremos que se regule el alojamiento vacacional con un decreto claro, transparente, con unas exigencias mínimas, que en la elaboración del mismo haya una representación de los propietarios y sobre todo que el decreto tenga como finalidad potenciar las viviendas turísticas.

Por todo ello, solicitamos al Pleno de la Corporación la adopción del siguiente: **ACUERDO**

1º. Instar al Gobierno de la Xunta de Galicia la retirada del proyecto de decreto /2016 por el que se establece la ordenación de apartamentos turísticos, viviendas turísticas y viviendas de uso turístico en la Comunidad Autónoma de Galicia.

2º Instar al Gobierno de la Xunta de Galicia a elaborar un decreto en el que participe en su redacción para regular la ordenación de apartamentos turísticos, viviendas turísticas y viviendas de uso turístico con unos requisitos mínimos, que tenga como finalidad potenciar las viviendas turísticas y no eliminarlas. En la elaboración del mismo que participe una representación de los propietarios de las viviendas así como los ayuntamientos. Sanxenxo, 25 de noviembre de 2016.””

A **Sra. González-Haba Pérez** xustificou a urxencia da moción porque se trataba dunha cuestión que afectaba a muchas familias, nun concello turístico como este.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

A **Sra. González-Haba Pérez** destacou que a intervención antes do pleno da presidenta da asociación deixou claro o sentido da moción.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, manifestou a disposición do Partido Popular para oír a todas as asociacións e, nese sentido, xa faláron coa presidenta desta e comprometéronse, unha vez que houberse goberno, a conseguir unha reunión na Secretaría de Turismo, á que a acompañarían. Non obstante o anterior o interveniente precisou que non ían apoiar a moción, posto que na exposición de motivos citábanse cuestións que non eran do todo certas e aludiu a que lle gustaría saber a opinión ao respecto do Concelleiro de Turismo, posto que xa se celebraron reunións sobre este asunto e tamén na Mancomunidade do Salnés, sen coñecer ningunha opinión en contra do borrador do Decreto. O concelleiro no uso da palabra explicou que as vivendas turísticas están reguladas dende 2011 e a problemática xorde da entrada en vigor da Lei de Arrendamentos Urbanos, que modifica o uso das vivendas para alugar, deixando o destino turístico desprotexido e nun limbo que a Xunta se propón regular, para o que se tramitou o decreto conforme ao procedemento establecido, cun período de información pública e consultando cos representantes do sector, non estando de acordo con que só se consultou coa hostalaría. O interveniente indicou que o decreto non persegue a eliminación destes alugeres, senón todo o contrario, a súa regulación ofrecendo seguridade xurídica e que a referencia ao seu imposible cumprimento non se axusta á realidade, lendo os requisitos e destacando que as esixencias son mínimas e que outras Comunidades Autónomas, como Andalucía, xa aprobaron a súa normativa e a

mais sinxela é a galega.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, dixo que apoiaría a moción e que xa falou coa presidenta da asociación e asistiu a reunións, sinalando que non se tivo en conta á xente que aluga casas e pisos con esta finalidade, lembrando que hostaleiros actuais comezaron así, engadindo que se debe facer algo para evitar a eliminación desta actividade, procurando a súa correcta regulación, tal e como di a moción.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que o feito de que non se crease antes esta asociación non quere dicir que non existise esta realidade e lembrou que esta actividade xa se desenvolvía antes do crecemento da infraestrutura hostaleira actual, cubrindo esa carencia, agora débese buscar unha regulación clara e nítida para evitar distintas interpretacións, destacando que aínda que sexa a Administración Autonómica a que regule, despois corresponderalle actuar aos concellos. Finalmente o interveniente avogou polo consenso na redacción do Decreto e anunciou o seu voto favorable á moción.

O **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, explicou que tiveron dúas reunións coa asociación e que había una necesidade de regular o aluguer de vivendas turísticas, indicando que se anunciaban vivendas que non tiñan cabida de uso vacacional, que os requisitos que se van a esixir son mínimos e que para Sanxenxo o decreto vai ser beneficioso, posto que así se coñeceran mais a persoas que realmente veñen a este concello de vacacións, o que dará mais forza, rematando a súa intervención para sinalar que se absterían polo contido do texto da moción.

A **Sra. González-Haba Pérez** remarcou que non estaba en contra do sector hostaleiro, achacando ao borrador do decreto falta de concreción, o que non era bo para ninguén, estando a favor dunha regulación que concrete e coa participación de todos os interesados.

O **Sr. Alcalde** dixo que estaba de acordo coa regulación e que lle propuxo a presidenta da asociación que cambiase a palabra retirada por revisión, agardando que na xuntanza que se produza se poidan aceptar aquelas cuestións que permitan aclarar mellor o decreto e recalcando que se absterían.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Grupo Municipal Mixto e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).

Votos pola Abstención: 4 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal).

En consecuencia non resultou aprobada a moción antes transcrita.-----

3º) MOCIÓN DE ROBERTO CARLOS AGÍS BALBOA, CONCELEIRO NON ADSCRITO, PARA A ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO DA NEGOCIACIÓN DUN CONVENIO COLECTIVO E ACORDO REGULADOR PARA O PERSONAL DO CONCELLO, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E EMPRESAS PÚBLICAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANXENXO (R. DE ENTRADA Nº 12.053, DO 22/11/16). O Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Roberto Carlos Agís Balboa, con DNI.44.075.425L, Concelleiro Non Adscrito do Concello de Sanxenxo en nome e representación propia, e ao amparo do establecido no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), por razóns de urxencia, eleva ao Pleno da Corporación do 28 de Novembro de 2016, para o seu debate a seguinte

MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DE ACORDO PLENARIO DA NEGOCIACIÓN DUN CONVENIO COLECTIVO E ACORDO REGULADOR PARA O PERSONAL DO CONCELLO, ORGANISMOS AUTÓNOMOS E EMPRESAS PÚBLICAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANXENXO

A Constitución Española, a Lei Orgánica de Liberdade Sindical, o Estatuto dos Traballadores e o Estatuto Básico dos Empregados Públicos recoñecen e regulan o dereito a negociación colectiva dos traballadores e dos empregados públicos.

O Pleno Extraordinario do Concello de Sanxenxo celebrado o 20/12/04 aprobou o Convenio Colectivo do personal laboral do Concello de Sanxenxo, establecendo que dito Convenio Colectivo e de aplicación ao personal laboral con praza en plantilla e ao personal contratado temporal do propio Concello, excluindo do ámbito de aplicación a organismos autónomos e empresas públicas dependentes do Concello.

Tampouco se ten negociado e acordado un Acordo Regulador para o personal funcionario do Concello, a pesares de que o dereito á negociación colectiva dos funcionarios está regulado inicialmente pola Lei de Medidas da Reforma das Administracións Públicas, e posteriormente polo Estatuto Básico dos Empregados Públicos.

A inexistencia dunha regulación específica única e unívoca das condicións de traballo do personal do Concello de Sanxenxo e os seus organismos autónomos provoca situacións de discriminación entre o personal que presta servizos para o noso Concello, en función da situación contractual dos seus traballadores.

O actual e vixente Convenio Colectivo foi denunciado para proceder a unha nova negociación do mesmo o 30 de setembro de 2015, e tal e como establece o seu artigo 3.2 **“as negociacións e deliberacións do novo convenio deberán iniciarse en data non posterior a un mes contado a partir da data da denuncia”**.

O Goberno Municipal de Sanxenxo ao negarse a iniciar a negociación do Convenio Colectivo esta vulnerando un dereito constitucional dos seus empregados e incumplindo o disposto no Convenio Colectivo.

Alegar que non se ten un coñecemento preciso dos servizos, da organización dos mesmos e das tarefas que realiza o personal dependente do Concello, non é motivo suficiente para incumplir un mandato constitucional, e en todo caso, os déficits de xestión do Goberno, non poden servir de excusa para a vulneración de dereitos constitucionais.

E por elo que procedo a presentar a seguinte PROPOSTA DE ACORDO PLENARIO:

- Instar ó Goberno Municipal do Concello de Sanxenxo a iniciar de inmediato as negociacións cos Sindicatos representativos, dende a data de aprobación da presente Moción e tal e como establece a legislación vixente, dun Convenio Colectivo para o personal laboral e contratado temporal do propio Concello, e o personal que presta servizos no Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo e nas empresas municipais (Nauta Sanxenxo, Turismo Sanxenxo e Ínsula Sanxenxo), e asimesmo, dun

Acordo Regulador para o seu persoal funcionario.

- Dita negociación non poderá prorrogarse por un prazo superior a tres meses, de tal xeito que, en dito prazo, sexan aprobados polo Pleno da Corporación Municipal de Sanxenxo un novo Convenio Colectivo e un Acordo Regulador. Sanxenxo, a 22 Novembro de 2016.””

O **Sr. Agís Balboa** xustificou a urxencia da moción porque era o momento apropiado ao anunciarse mañá o resultado da auditoría, que permitirá coñecer os déficits nas distintas áreas do concello, xa que existen problemas a solucionar.

A continuación, ao non producirse intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, o **Sr. Presidente someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Agís Balboa** indicou que o convenio colectivo era de facía varios anos e non se tiña en conta nin o organismo autónomo nin as empresas municipais, cando as leis esixen acordos reguladores co persoal, sendo este o momento apropiado, posto que se van a anunciar os resultados dunha auditoría que permitirá facer unha diagnose e coñecer as deficiencias, polo que é adecuado falar cos colectivos, engadindo que esta auditoría debeu realizarse antes e que se denuncia desde fai mas dun ano a falta de diálogo, sen que se dese, a pesar de que están obrigados pola lei.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que, aínda que se denunciou fai mas de un ano, o goberno non se sentou a negociar, esperando polos resultados dunha auditoría que tardou moito, estando de de acordo en que se dialogue e chéguese a acordos.

A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, aludiu a que, a pesar do texto da moción, alégrase de que o **Sr. Agís Balboa**, na súa exposición, diga que agora era o momento para negociar, xa que ese é o discurso que mantiveron nos anos 2015-16, se ben para sentarse debían ter un coñecemento profundo dos diversos problemas existentes nos diversos departamentos do concello, precisando que para que o ditame fose válido tiñan que agardar ao verán, cando traballaba todo o persoal e que era unha moción innecesaria, porque nunca se negou a nada, tan só quería contar cun instrumento adecuado de traballo e, aínda así, se había algún asunto de vital importancia, sentaron para falar, e así se fixo, aprobándose un texto, lembrando a equiparación do persoal laboral co resto, algo que non teñen moitos concellos. A concelleira no uso da palabra rematou especificando que a empresa que fixo a auditoría, explicará aos os traballadores o seu resultado e que ela seguirá coa súa folla de ruta e, a vista do instrumento, sentará a negociar, sen cingirse a prazos.

O **Sr. Agís Balboa** manifestou que esperaba que a auditoría sexa efectiva e que a dean a coñecer para que todo o mundo pódada ver, engadindo que, a pesar do dito pola anterior interveniente, moitos sinalan que non se pode falar con ela, presentando a moción para que neste momento se produza a negociación.

A continuación, ao non producirse mais intervencións, o **Sr. Presidente someteu a votación a moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).0.

En consecuencia, **a moción resultou aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, nos termos anteriormente transcritos.** ..-----

ROGOS:

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, respecto do convenio do Polígono de Nantes, aludiu á coletilla final do informe do Interventor en canto ao aval e pediu que se estude o asunto, xa que se corre o risco de que todo quede en nada.

O **Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que as mocións eran de obrigado cumprimento e solicitou que se leven a cabo.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, sinalou que cando as mocións se aproban é por algo, quere dicir que existe unha maioría e solicítalle ao goberno municipal unha reflexión, engadindo que cría que as mocións eran de obrigado cumprimento.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, lembrou que no pleno do mes de maio aprobouse unha moción para gravar as sesións, sen que se cumprise a mesma e que o **Sr. Otero Domínguez** comentoulle que están a traballar niso, solicitando que se execute o acordo.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, respecto do camiño de Outeiro en Dorrón, especificou que levaban dous anos sen camiño, coas incomodidades que iso supón, pedindo ao goberno que fagan o que poidan para solucionar este problema.

PREGUNTAS:

O **Sr. Domínguez Piñeiro, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, preguntou sobre as reparacións a efectuar no campo de Noalla, contestando o **Sr. Sueiro Méndez, concelleiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, que as redes están nos almacéns, agardando instalalas esta semana e que para as restantes están a pedir presupostos.

A **Sra. Freire Fernández, concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que en Contumil, parroquia de Nantes, existía unha recollida de augas pluviais, cunha gabiá ao longo do camiño que tiña certo perigo, cando nese viario está situada unha parada de nenos do colexio, situación pola que preguntaron en febreiro deste ano, para obter unha solución urxente e definitiva e ata agora só fíxose un arranxo provisional. A **Sra. Rodríguez Búa, voceira do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, contestou que ese viario depende da Deputación, sendo a primeira iniciativa dos veciños, facendo os operarios da citada institución a solución provisional, posteriormente contactaron cos técnicos da Deputación que formularon a solución definitiva, que necesitaba dunha cesión de terreos e unha solicitude á Xunta de Galicia, pero esa xestión a ten que

realizar a Deputación, polo que o único que se pode facer é reiterar a solicitude, mesmo a través da prensa, para facer mas visible a preocupación.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, reiterou a pregunta feita sobre o edificio Herpi, que volve a ler, preguntando que teñen pensado facer, sobre todo polos baixos pechados, contestando o **Sr. Alcalde** que convidaba ao anterior interveniente a ver o expediente e que descoñecía o estado do expediente e a existencia dunha orde de derrubo. O concelleiro interpelante indicou que non se lle respondía a pregunta e o **Sr. Alcalde** que verían cal é o posible incumprimento.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, preguntou sobre o arranxo da rede de sumidoiros da Avenida de León, contestando o **Sr. González Miniño concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, que xa se adxudicaron as obras, esperando que se rematen antes do final de ano.

O **Sr. Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, preguntou que se ía facer co Centro Cultural de Vilalonga e se se ía trasladar a outro lugar, respondendo **Sr. Alcalde** que recentemente tiveron unha reunión a tres bandas coa asociación e a propiedade, sendo clara a posición do concello de non poder aceptar a cantidade pedida para alugar o local, estando pendentes dunha nova reunión para plantear outras alternativas.-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e seis minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE**: